

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE MAIO DE 2011.

### *Asistentes:*

### *Alcalde-Presidente:*

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

### *Vocais:*

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

### *Secretario:*

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as doce horas do día nove de maio de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, e da Interventora D<sup>a</sup> Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse

aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 4 de abril de 2011.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 4 de abril de 2011.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

#### **B.1) SOLICITUDE DE D. JOSÉ RAMÓN GOMEZ ESTEVEZ RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN ANCIL-LAGO.**

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. José Ramón Gomez Estevez con DNI: 76.715.523-N, con domicilio en Ancil, 7 (27878 Lago) de prórroga de licenza de obra para acondicionamento exterior de vivenda unifamiliar en Ancil, 7 Lago.- Expediente nº: 1215/11.

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º.-O solicitante obtivo a pertinente licenza para a o acondicionamento exterior dunha vivenda unifamiliar, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 07 de abril do ano 2.008.
- 2º.-Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se sitúa a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización das obras que se están executando, ao amparo do Artigo 197.2 da LOUGA, Lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.
- 3º.-Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do ano 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.
- 4º.-Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que ás obras que se pretenden executar, sitúanse en ámbolos dous casos dentro de Solo do Núcleo rural, polo que pódese outorgar a prórroga da licenza que se solicita.
- 5º.-Esta prórroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para acondicionamento exterior de vivenda unifamiliar en Ancil, 7 Lago.
- 2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

### **B.2) SOLICITUDE DE D. MARCOS HERMIDA TRASTOY, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN LUGAR DE PEREIRO.-PORTOCELO.-XOVE**

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. Marcos Hermida Trastoy con DNI: 33.995.251D con domicilio en Avda. Navia Castrillón, 11-13 3ºB (27850 Viveiro) de prórroga de licenza de obra construción de vivenda unifamiliar no lugar de Pereiro.-Portocelo.-Xove.-

Polígono Nº 62.-Parcela Nº 315.-Ref. Catastral:27025A062003150000JZ.- Exp. nº: 1237/11

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- O solicitante obtivo a pertinente licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar de acordo co proxecto do arquitecto D. Marcos Hermida Trastoy, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 07 de abril do ano 2.008.
- Actualmente, a edificación encóntrase executada na totalidade do seu volume de acordo con proxecto aprobado, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización das obras que se están executando, ao amparo do artigo 197.2 da LOUGA, lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.
- Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do ano 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.
- Esta prórroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para a construción da devandita vivenda unifamiliar en Portocelo.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

### **B.3) SOLICITUDE DE D. FRANCISCO PERNAS VILAR, RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN PENA-XUANCES.**

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D. Francisco Pernas Vilar con DNI: 33.747.589B con domicilio en Illade, 3 (27877 Xuances) de prórroga de licenza de obra construción de vivenda unifamiliar en Pena-Xuances. Expediente nº: 1302/11 .- Polígono Nº 17 .- Parcela Nº 268.- Referencia Catastral:27025A017002680000JQ

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- O solicitante obtivo a pertinente licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Prieto Martínez, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 05 de maio do ano 2.008.
- Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se sitúa a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prórroga para a finalización das obras que a están executando, ao amparo do artigo 197.2 da LOUGA, lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.
- Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do ano 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.

- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que ás obras que se pretenden executar, sitúanse en ámbolos dous casos dentro de Solo do Núcleo rural de Xove.
- Esta prorroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.
- Asimesmo se recorda a obrigatoriedade, unha vez rematadas as obras, de solicitar a correspondente Licenza de Primera utilización, co aportación entre outra documentación, dos planos de estado definitivo cos cambios que puideran haber, así coma a valoración dos mesmos e a súa xustificación urbanística.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para a obra de construción de vivenda unifamiliar en Pena-Xuances.

2º) A notificación deste acordo ó interesado, os efectos procedentes.

#### **B.4) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> INES RAMOS CASAS RELATIVO A PRORROGA DE LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN PORTOCELO.**

Por Secretaría dáse conta de solicitude de D.<sup>a</sup> Ines Ramos Casas con DNI: 34.637.114B con domicilio en Barreiro, 6 (27878 Morás) de prórroga de licenza de obra construción de vivenda sita en Portocelo. Expediente nº: 1554/11.- Expediente Licenza: 1469/2008

Polígono Nº 62.- parcela Nº 389.- Referencia Catastral:27025A062003890000JG.

Visto o preceptivo informe do arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- O solicitante obtivo a pertinente licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. Manuel Prieto Martínez, en Xunta de Goberno local deste Concello ó día 05 de maio do ano 2.008.
- Actualmente, non cambiaron as circunstancias urbanísticas aplicables á parcela na que se sitúa a edificación, polo que se informa favorablemente a concesión da pertinente prorroga para a finalización das obras que a están executando, ao amparo do articulo 197.2 da LOUGA, lei 9/2002 do 31 de decembro, nas mesmas condicións aplicadas á licenza outorgada no seu día.
- Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio do ano 2008, aprobouse inicialmente o P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba o Regulamento de Planeamento.
- Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que ás obras que se pretenden executar, sitúanse en ámbolos dous casos dentro de Solo do Núcleo rural de Xove, e a mesma se encontra totalmente executada no que ao seu volume e cerramentos se refire, así coma a cuberta da mesma, polo que pódese outorgar a prórroga da licenza que se solicita
- Esta prorroga de licenza, concédese por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado de tres anos.
- Asimesmo se recorda a obrigatoriedade, unha vez rematadas as obras, de solicitar a correspondente Licenza de Primera utilización, co aportación entre outra documentación, dos planos de estado definitivo cos cambios que puideran haber, así coma a valoración dos mesmos e a súa xustificación urbanística.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A concesión da prórroga solicitada por un prazo non superior ós 3 anos, para a construción da devandita vivenda sita en Portocelo.

2º) A notificación deste acordo á interesada, os efectos procedentes.

**B.5) SOLICITUDE DE D. RAMIRO JAVIER CAMPOS BALDEON DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO DE LOCAL DENOMINADO “TERRAMAR”, ADICADO Á ACTIVIDADE DE HOSTELERIA.**

Vista solicitude de D. Ramiro Javier Campos Baldeon con N.I.E. : X-7180759-K con domicilio en Avda. da Mariña, 7 3º (27880 Burela) de cambio de titularidade de licenza de apertura do establecemento “Terramar” sito en Beltrán.-Lago.-Xove que na actualidade figura a nome de D. Alejandro Louzao Dean, para que figure como novo titular D. Ramiro Javier Campos Baldeon.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala que :

- 1º) *De acordo coa solicitude de cambio de titularidad de licenza de apertura de establecemento como Café Bar, restaurante instada por D. Ramiro Javier Campos Baldeón, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.*
- 2º) *Acompáñase firma de consentemento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervintes.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da Licenza de Apertura de Establecemento do local “Terramar”, adicado á hostelería para que figure como novo titular D. *Ramiro Javier Campos Baldeón* con N.I.E. : X-7180759-K.

2º Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

**B.6)SOLICITUDE DE D. ANDRÉS VIZOSO VILA, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA SITA EN CANELAS-PORTOCELO.**

Vista solicitude formulada por D. Andres Vizoso Vila con D.N.I. nº33.764.391-T con domicilio en c/ Rosalía de Castro, 58 1º Izda (27880 Burela) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda sita en Canelas s/n.-Xove.(Lugo). Expediente: 1368/11.- Polígono Nº 62.-Parcela Nº 384

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de primeira utilización se solicita o seguinte:

- **Obra prevista en proxecto:**Edificio para vivenda unifamiliar en Canelas.-Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.
- **Obra executada:** Vivenda unifamiliar composta de planta baixa, e unha altura con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Informa:

- Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia. O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.
- A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de Aplicación. -Solo non Urbanizable de Núcleo Rural. -
- A obra executada, adáptase a Normativa. -

- Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.
- Presuposto proxecto de execución - Liquidación final: 112.526,93€
- Valoración licenza primeira Utilización 0,5% S/P: 562,63€.
- Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga .

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Canelas-Portocelo que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 562,63€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

#### **B.7) SOLICITUDE DE D. PABLO FERNÁNDEZ FRA RELATIVO A CAMBIO DE CUBERTA E SOLEIRA EN VIVENDA SITA EN CAMIÑO REAL,1 (XOVE) PROXECTO EXECUCIÓN.**

Vista solicitude formulada por D. Pablo Fernández Fra con D.N.I nº: 76545488-Q con domicilio en Camiño Real, 1 (27870 Xove), para realización de obras de cambio de cuberta e soleira de formigón en vivenda sita en C/ Camiño Real Nº 1.-(Xove). Expediente:1464/11

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *As obras de acondicionamento para cambio de cuberta e soleira de formigón, que se pretenden realizar, de acordo coa documentación que se achega, suscrita polo o arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, atópanse dentro do núcleo urbano de Xove.*
- *Na sesión plenaria do día nove do mes de xunio aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do término municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.*
- *Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se pode outorgar a licenza que se solicita, sempre e cando a mesma se ataña por completo ao solicitado.*
- *Por parte do técnico autor do proxecto, xustifícase nº apartado 1.2.3.3, correspondente a ficha de condicións urbanísticas de Dito proxecto, o cumprimento comparativo da normativa aplicable con respecto do proxecto que se achega.*
- *Estas obras adaptaciónse á ambas Normativas urbanísticas do Concello de Xove.*
- *Normas Subsidiarias e complementarias de planeamento de Xove. P.X.O.M aprobado inicialmente.*
- *No proxecto apórtase a documentación correspondente de adaptación do mesmo ao Código Técnico, (CTE), co a xustificación do cumprimento do Documento Básico HR Protección fronte ao ruído, e o SI de seguridade en caso de incendio, así coma os demais Documentos Básicos pertinentes contemplados no Código Técnico, e obrigados nun local deste tipo.*
- *De acordo con todo o exposto anteriormente, infórmanse favorablemente as obras que se solicitan.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *As instalacións necesarias para a realización destes traballos deberán estar perfectamente valladas, na zona de arcén, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas, pola súa situación en plena zona urbana.*
- *As instalacións auxiliares e a propia obra, dispondrán do correspondente Seguro de responsabilidade civil.*
- *O ámbito da instalación deberá estar perfectamente limpo.*
- *Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións*
- *Habida conta que de acordo co proxecto que se achega as obras que se pretenden, terán consideración de obras de acondicionamento, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supoñerán aumento de volume.*
- *Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de acondicionamento, ao solicitado.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáense por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.*
- *Unha vez finalizados os traballos e previa a apertura do local para calquera actividade que se pretenda desenvolver no mesmo, deberase solicitar a obrigada licenza de apertura de actividade, e que se torgará previa a obrigada visita de comprobación por parte dos servizos técnicos municipais, co obxecto de poder constatar a adecuación das obras co proxecto aprobado así coma o cumprimento das Normativas correspondentes.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 13.030,39€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 260,60€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

#### **B.8) SOLICITUDE DE D. JOSÉ MANUEL ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, RELATIVO A LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA SITA EN ANCIL-LAGO.**

Vista solicitude formulada por D. José Manuel Álvarez Rodríguez con D.N.I. nº33.992.889-Q con domicilio en Alto de Lago, 13 (27878 Lago) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar sita en Ancil-Lago S/N.-Xove.(Lugo). Polígono Nº 69.-Parcela Nº 155 .- Expediente licenza obra: 3845/06

Ref. Catastral: 27025A069001550000JW

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de Primeira Utilización se solicita o seguinte:

- ***Obra prevista en proxecto:*** Edificio para vivenda unifamiliar en Ancil-Lago.-Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta de semisótano e planta baixa.

- **Obra executada:** *Vivenda unifamiliar composta de semisótano e planta baixa, con modificación dalgúns dos materiais compatibles coas condicións da licenza outorgada.*

*Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.*

*INFORMA: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.*

*O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.*

*A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de aplicación: Solo non Urbanizable de Núcleo Rural. A obra executada, adáptase a Normativa. - Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.*

*Presuposto proxecto de execución - liquidación final: 75.725,00€*

*Valoración licenza primeira utilización 0,5% s/p: 378,62€.*

**Observacións:** *Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.*

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Ancil-Lago que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 378,62€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup> LIDIA FRANCO RODRIGUEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Lidia Franco Rodríguez con D.N.I. nº 77.591.673-T , con domicilio en Avelá, 4 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

#### **D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup> MARÍA IMELDA BAÑO LOUZAO .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> María Imelda Baño Louzao con D.N.I. nº 76.564.099-C , con domicilio en C/Tomás Mariño Pardo, 8 2º A (27870 Xove) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

### **D.3) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA CONCEPCIÓN LÓPEZ PÉREZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Concepción López Pérez con D.N.I. nº 76.543.296-D, con domicilio en Vilariño, 1 (27879 Monte) por morte de un xato, por importe de 400 €.

### **D.4) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA SOL FERNÁNDEZ LAMELAS .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Sol Fernández Lamelas con D.N.I. nº 76.545.687-P , con domicilio en Ceranzos, 26 (27877 Xuances) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

### **D.5) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA CONCEPCIÓN LÓPEZ PÉREZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Concepción López Pérez, con D.N.I. nº 76.543.296-D, con domicilio en Vilariño, 1 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

### **D.6) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA TERESA PALEO RIVEIRA.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Teresa Paleo Riveira con D.N.I. nº 77.591.671-K, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

### **D.7) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA JESUS FERNÁNDEZ SÁNCHEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Jesús Fernández Sánchez con D.N.I. nº 01498620-D, con domicilio en Ponte do Carro, 10 (27879 Rigueira) por morte de unha vaca por importe de 300€.

### **D.8)AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA..**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27878 Monte) por morte de unha vaca por importe de 200€.

### **D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D. BENIGNO MÍGUEZ LÓPEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Benigno Míguez López con D.N.I. nº 33.706.185-F, con domicilio en Vila, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.



#### **D.10) AXUDA DE GANDERÍA A Dª SARA GOMEZ GOMEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Sara Gómez Gómez, con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer por importe de 120€.

#### **D.11) AXUDA DE GANDERÍA A Dª JOSEFA GONZÁLEZ PARAPAR.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Josefa González Parapar con D.N.I. nº 33.993.607-K , con domicilio en Loureiros, 55 (27877 Xuances) por morte de un xato por importe de 200€.

#### **D.12) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato, por importe de 120€.

#### **D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

#### **D.14) AXUDA DE GANDERÍA A D. Mª DOLORES MÍGUEZ GALDO.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Dolores Míguez Galdo, con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en San Cristobal, 18 (27877 Portocelo) por morte de unha xata, por importe de 400,00€.

#### **D.15) SOLICITUDE D. LEANDRO QUELLE FRANCO, EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN EQUINA A MEDELA, DE AXUDA ECONÓMICA PARA FEIRA DO CABALO EN LAGO.**

Visto o escrito de D. Leandro Quelle Franco, como Presidente da Asociación Equina “A Medela”, con CIF G27253418 e con domicilio a efectos de notificación en Cabo, 8 (27878 Sumoas) no que solicita unha subvención para a celebración da Feira do Cabalo en Lago.

Segundo consta no informe da Interventora Municipal, a proposta axústase ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e debe acomodarse ás esixencias do capítulo I do Título V das Bases de Execución do Orzamento.

Vista a existencia de crédito para o gasto na partida 412.489 do vixente Orzamento.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º.- A concesión da subvención económica nominativa por importe de 3.000€ para o financiamento da Feira do Cabalo en Lago.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes Públicos ou

privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos obtidos poderá superar o custe da actividade subvencionada.

2º.- O libramento en concepto de anticipo da cantidade de 2.100€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

3º.- Unha vez efectuada a xustificación documental do gasto por un importe igual ou superior a 3.000€ procédese ó libramento do 30% pendente de percepción

4º.- Consonte ó establecido na Base 41 das de execución do Orzamento, para a xustificación da axuda deberá presentarse no rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- Unha declaración de tódalas axudas que se percibiron ou solicitaron para a actividade subvencionada, sexan de particulares ou de outras administracións públicas. Poderá utilizarse o modelo facilitado polo Concello.
- Certificado ou declaración responsable do solicitante ou representante legal da entidade acreditativo de atoparse ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello e coa Seguridade Social se fose o caso.
- Estado ou balance de gastos e ingresos asinado polo Presidente así como polo Secretario da entidade relativo á actividade e período subvencionado.
- Unha Memoria da actividade realizada ou no seu caso, exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á mesma e na que se anuncie a colaboración municipal.
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado que deberán cumpri-los seguintes requisitos:
  - O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
  - Expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
  - Debe figurar claramente o nome ou razón social e NIF da empresa que emite a factura.

5º.- A xustificación da subvención deberá presentarse, en todo caso, antes da finalización do exercicio orzamentario correspondente, e no caso de subvencións concedidas dentro do último trimestre do exercicio, antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

#### **D.16) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D<sup>a</sup> PACITA LABAYÉN DÍAZ.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Pacita Labayén Díaz con D.N.I. nº 76.545.660-G con domicilio en Veiga, 42 (27879 Rigueira) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 2 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup> Pacita Labayén Díaz como beneficiaria do mesmo, durante 2 horas semanais; debendo aboar o importe de 2,60€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D<sup>a</sup> Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adiantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

#### **D.17) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D<sup>a</sup> HORTENSIA SÁNCHEZ PETEIRA**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> Hortensia Sánchez Peteira con D.N.I. nº 33.705.586-Y con domicilio en Villalpol, 36 (27877 Portocelo), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais (das que fará uso de 2 horas); trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª Hortensia Sánchez Peteira con como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais (das que fará uso de 2 horas); debendo aboar o importe de 2,60€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

#### **D.18) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª ANTONIA REY CASARIEGO.**

Vista solicitude formulada por Dª Antonia Rey Casariego con D.N.I. nº 33.763.984-F con domicilio en Pumariño, 11 (27870 Xove) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 2 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª Antonia Rey Casariego como beneficiaria do mesmo, durante 2 horas semanais; debendo aboar o importe de 2,60€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adiantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

#### **D.19) APERTURA DE PLAZO PARA AS AXUDAS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) E ACONDICIONAMENTOS DOS ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MÁIS DE CINCO DE ANOS DE ANTIGÜEDAD DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PÚBLICA.**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local das bases aprobadas polo Pleno Municipal con data 19 de xullo de 2010, relativas ás devanditas axudas para o remate exterior (*lucido de fachadas*) e *acondicionamentos dos accesos a vivendas unifamiliares* con máis de cinco de anos de antigüidade dende as vías de titularidade pública, os efectos dunha nova apertura do prazo das solicitudes durante o ano 2011.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda a apertura do prazo para a solicitude destas axudas dende o 15 de maio de 2011 ata o 30 de xuño de 2011.

#### **D.20) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de unha vaca por importe de 400,00€.

#### **D.21) AXUDA DE GANDERÍA A Dª PURIFICACIÓN REGO VARELA .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Purificación Rego Varela, con D.N.I. nº 76.556.026-C, con domicilio en Carballás, 7 (27870 Xove) por morte de un xato de 5 días de idade por importe de 120,00€.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e cinco minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

